

OBRADOIRO DE EMPREGO “MANCOMUNIDADE DE VERÍN 2022”

ACTA DA REUNIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “MANCOMUNIDADE DE VERÍN 2022”, PARA O ESTUDO DAS RECLAMACIÓNS QUE SE PRESENTARON AO PROCESO.

No salón de sesións da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín ás 13:00 horas do día **14 de setembro do 2022**, reunidos os membros do Tribunal, D. **Paulino** Fernández Salgado, Recadador Axente Executivo da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín (Presidente do Tribunal); Dna. **Lorena** Álvarez Martínez Psicóloga-Directora do CIM da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín; Dna. **Sandra** Aguiar Guerra, Orientadora Laboral da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín; D. **Alejandro** Fernández Otero, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín; Dna. **María** González Rivero, funcionaria do Concello de Castrelo do Val; e D. **Santiago** de Lorenzo Taboada, Secretario-Interventor da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín; que actúa como secretario do Tribunal

Faise constar que o motivo da reunión é estudar as reclamacións que se presentaron ao procedemento de selección de acordo có seguinte:

1. RECLAMACIÓNS DE ASPIRANTES AO POSTO DE ALUMNO TRABALLADOR

1.1. Reclamación de Dna. **María Carmen** Gago Portas (NºRE 2022-E-RC-151, de 12.09.2022).

Segundo a súa reclamación:

- Solicita unha revisión da puntuación obtida e unha explicación dos criterios sobre os que se valorou a entrevista persoal, ao seu entender,

considera un agravio comparativo, ao cal non lle atopa xustificación, comparando a súa puntuación na entrevista persoal coa doutra aspirante.

Sobre esta reclamación, fanse as seguintes,

CONSIDERACIÓN:

PRIMEIRA: A reclamante argúe unha incorrecta avaliación da súa entrevista persoal; concluíndo ser merecedora dunha puntuación superior, "que a miña puntuación fose só de un 2,5".

Compre citar a Base 5.1 do proceso que sobre a entrevista persoal dí que: "*ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo do que se trate*".

Pois ben, o tribunal elaborou un cuestionario para a realización desta actuación. E certamente as preguntas formuladas e as respostas dadas polos aspirantes son as que permiten aos seus membros formar o seu xuízo sobre as aptitudes e capacidades persoais de todos e cada un dos aspirantes ao posto.

É obvio que todo aspirante nun proceso selectivo posúe unha valoración das súas propias capacidades e habilidades; pero é precisamente ao tribunal a quen lle corresponde apreciaras. Así non é aceptable pretender concluir dunha observación, un erro de xuízo en todos os membros do tribunal que asistiron a esta entrevista, que foron dous, nin o dicir deles que chegaron a unha apreciación subxectiva e, por descontado errónea. De tal xeito a puntuación acadada neste apartado pola aspirante foi froito da valoración que o tribunal fixo das aptitudes e capacidades persoais da mesma. Obter unha puntuación de 2,50 puntos, non é castigo algún por unha actitude concreta, senón o resultado da apreciación crítica do exposto polo aspirante en cada caso, polo órgano competente para elo. Existen varias e diferentes apreciacións durante o tempo de duración da entrevista persoal que xustifica a puntuación asignada.

Sobre o exposto na súa reclamación da consideración "dun agravio comparativo ao que non lle atopo xustificación", e que outra aspirante ao

Maria G. Rivero

Levante



Maria G. Rivero

Levante

posto foi cualificado, segundo o seu escrito, "cunha nota tan alta", cómpre dicir que cada un dos corenta e oito aspirantes que asistiron á realización da entrevista persoal deste Obradoiro de emprego, obtiveron puntuacións que van dende o 1,50 ata o 9,00 puntos, dentro do baremo establecido que vai dende os 0,00 ata os 10,00 puntos para a entrevista persoal.

Na súa reclamación tamén solicita unha explicación dos criterios sobre os que se valora a entrevista persoal, pois ben, a entrevista persoal é o produto dunha planificación detaiada, realizada polos diferentes membros do tribunal, que revisan cada un dos detaies que forman parte da exposición e respostas de cada un dos aspirantes entrevistados, de ahí que é importante que cando un aspirante asiste a unha entrevista debe de ir preparado adecuadamente.

Dende o inicio da propia entrevista, a forma en como se responde ao saúdo da fase inicial, xa é un elemento para a súa avaliación; as actitudes amosadas sobre o interese mostrado; a motivación de cada aspirante pola realización do obradoiro de emprego en relación cos propios obxectivos do mesmo; a personalidade de cada unha das persoas, etc.

A fase de desenvolvemento da propia entrevista é a parte máis importante da mesma, onde se realizaron unha serie de preguntas que se relacionan con diferentes aspectos dos obradoiros de emprego (financiación, tipos de contrato, nome, promotor do mesmo, formación que se imparte, etc, etc.) e tamén sobre as aptitudes de cada un dos aspirantes ao posto concreto, neste caso de alumno – traballador.

O propósito dunha entrevista persoal, como neste caso, é determinar se a persoa candidata é a axeitada para ocupar o posto de alumno-traballador, e os obxectivos que sustentan as preguntas da mesma son variados por iso mesmo trátase de avaliar aspectos da personalidade de cada candidato, intereses, motivacións, confirmar que os datos que achegan na documentación son certos, indagar sobre aspectos persoais que poidan prexudicar o desempeño do posto, etc. Debe considerarse que cada pregunta realizada na entrevista persoal, satisface a un obxectivo previamente determinado na estructura da mesma.

Maria G. Rivero

Ao mesmo que o inicio da entrevista é importante, tamén o é o final da mesma. Nesta última parte, avaliase ademáis o comportamento de cada un dos aspirantes.

Como é aceptado pacificamente, a apreciación máis subxectiva das capacidades dun aspirante é, precisamente, a do propio aspirante; de ahí a previsión de órganos colexiados para valorar aos aspirantes. Por todo o que, en conclusión, o Tribunal considera que a valoración da entrevista persoal é a correcta, 2,50 puntos.

1.2. Reclamación de Dna. **Arani Molina Alonso** (NºRE 2022-E-RC-152, de 12.09.2022).

Segundo a súa reclamación:

- Solicita un desglose das puntuacións da entrevista persoal e dos méritos obtidos, así como a obtención, se é posible, deses documentos de forma online no seu correo electrónico.

Sobre esta reclamación, fanse as seguintes,

CONSIDERACIÓN:

PRIMEIRA: A reclamante solicita un desglose da puntuación obtida na entrevista persoal, pois ben, -como xa se apuntou, anteriormente- a entrevista persoal é o produto dunha planificación detaizada, realizada polos diferentes membros do tribunal, quen revisan cada un dos detaies que forman parte da exposición e respostas de cada un dos aspirantes entrevistados, de ahí que é importante que cando un aspirante asiste a unha entrevista debe de ir preparado adecuadamente.

A entrevista avalía diferentes aspectos dun aspirante sobre a súa adecuación ao posto de traballo, actitude (interese, motivación, personalidade, etc.), aptitudes (capacidades, adaptabilidade, compromiso, etc.), coñecemento sobre os obradoiros de emprego (preguntas formuladas sobre os programas do obradoiro de emprego e en concreto sobre o obradoiro para o cal o candidato foi seleccionado, promotor, formación que se imparte, nome, etc.), ademáis avalíanse outros datos como poden ser as circunstancias persoais que o aspirante pon de manifesto, (previsión deste



José M. Vázquez

Maria G. River
Muller

tipo de medidas nun IPI, prioridades de formación para a posterior inserción laboral, etc).

SEGUNDA: A reclamante solicita un desglose da puntuación obtida no baremo de méritos de cada un dos aspirantes, pois ben, tal e como se recolle na base 5.2. das Bases, e segundo os criterios establecidos no artigo 11 da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Promoción do emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia os baremos de aplicación aos méritos de cada candidato son os que nas propias bases se especifican. En concreto os méritos valorados da aspirante Arani Molina Alonso, segundo a documentación aportada pola mesma, son os seguintes:

CRITERIOS	PUNTOS
Muller	1,00
Idade	1,00
Experiencia Laboral	1,00
Tempo de desemplego	1,00
Discapacidade	0,00
Risco de exclusión	0,00
Emigrante retornado	0,00
Cualificación	3,00
Protección por desemplego	3,00
Categoría profesional último posto traballo	0,00
Participación en obradoiros emprego anterior	5,00
Itinerario de inserción profesional	0,00
Puntuación total acadada no baremo	15,00 puntos



Muller
Arandi Alonso

Arandi Alonso


TERCEIRA: sobre a obtención, si é posible, dos documentos sobre a entrevista persoal e a baremación de méritos de forma online no seu correo electrónico, cabe dicir que non procede acceder ao solicitado, por constar o documento no expediente do proceso selectivo e formar parte integrante do mesmo.

Por tanto antecede. O Tribunal **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Confirmar todas e cada unha das valoracións e baremacións feitas polo Tribunal seleccionador con data 9 de setembro do 2022 en relación coa aspirante **María del Carmen Gago Portas**.

SEGUNDO: Confirmar todas e cada unha das valoracións e baremacións feitas polo Tribunal seleccionador con data 9 de setembro do 2022 en relación coa aspirante **Arani Molina Alonso**.



TERCEIRO: Aprobar a relación definitiva dos aspirantes que se transcribe a continuación

O Presidente,

Paulino Fernández Salgado
Lorena Álvarez Martínez


Alejandro Fernández Otero



Os vogais

O Secretario,

Santiago Lorenzo Taboada

Sandra Aguiar Guerra

María González Rivero